

REGULAMENTO DOS TRABALLOS FIN DE GRAO DA FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO DE OURENSE

(Aprobado pola Xunta de Facultade o 22 de xullo de 2019)

PREÁMBULO

Segundo se establece no RD 1393/2007 de Ordenación dos Ensinos Universitarios Oficiais, no seu artigo 12.3, “estes concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo de Fin de Grado (TFG)”.

Sendo competencias das respectivas universidades o establecemento do marco xeral no que se desenvolverá o mesmo. Na Universidade de Vigo, este marco xeral ven determinado polo “Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao”, aprobado no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2016 e modificado o 13 de novembro de 2018.

Asemade, as memorias dos títulos de Grao que se imparten na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (en diante, FCETOU) inclúen a elaboración e a exposición do referido TFG por parte do estudiantado do último curso dos plans de estudos e dispoñen que o Centro aprobará unha normativa interna para xestionalo.

Para cumprir o anterior, a FCETOU, en virtude das facultades recibidas, establece o seu propio regulamento para desenvolver o TFG.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

ART. 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. O presente Regulamento define e regula a titoría académica, o procedemento de elaboración, a presentación pública, a avaliación, a revisión e a tramitación administrativa do TFG nos Graos que se imparten na FCETOU.
2. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación do TFG, ás que se refiren os artigos 6, 7, 8 e 11 deste regulamento, forman parte das obrigas docentes do PDI.
3. A aplicación e a interpretación deste Regulamento corresponderalle á Comisión de docencia da FCETOU.

ART. 2. DEFINICIÓN DO TFG

1. O TFG forma parte dos plans de estudos dos Graos que se imparten na FCETOU. Consistirá na realización dun traballo orixinal e inédito por parte do alumnado que deberá facer de xeito persoal e autónomo, seguindo as orientacións dun titor ou titora académico.
2. O TFG estará orientado a que cada estudante amose a capacidade de integración dos diversos contidos formativos recibidos e a adquisición das competencias reflectidas na guía docente da materia. En particular, deberá contribuír ao desenvolvemento das seguintes capacidades:
 - a) Definir a metodoloxía dun proxecto e formular un plan de traballo relacionado con un ou varios dos ámbitos de coñecemento presentes no Grao.
 - b) Levar a cabo o traballo proxectado.

c) Presentar e defender publicamente o TFG.

Incluirá como mínimo tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación.

3. O TFG poderá revestir unha orientación teórica ou práctica. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos nas actividades doutras materias da titulación.
4. O TFG pódese presentar en galego, castelán ou inglés. O desenvolvemento do TFG axustarase ao estipulado na guía docente da materia, en que figurarán as normas de estilo, estrutura e formato (Anexo IV).
5. A avaliación do TFG será responsabilidade dun Tribunal constituído de acordo co establecido nos artigos 9 e 11.

ART. 3. MATRÍCULA

1. Para poder matricularse no TFG será requisito imprescindible estar matriculadas todas as materias requiridas para finalizar os estudos do Grao.
2. A matrícula do TFG realizarase nos períodos oficiais de matrícula dos estudos de grao, e a súa validez será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, rematará o último día hábil do curso académico.
3. A matrícula do TFG dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no artigo 8.1.

ART. 4. AUTORÍA

1. O TFG será elaborado, como regra xeral, de xeito individual por cada estudante matriculado en forma e prazo nesta materia do Grao.
2. Para desenvolver proxectos de envergadura suficiente a Comisión de docencia poderá autorizar a elaboración de traballos en grupo compostos por un máximo de tres estudantes. Presentarase por escrito unha exposición de motivos para realizar o traballo entre varios compoñentes en que se especifique a parcela precisa da tarefa global que vai tratar cada un. De ser autorizado, o alumno ou a alumna implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación e defensa e a avaliación serán individuais.
3. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponderalle ao autor ou autores do TFG. Poderá ser compartida co titor ou titora académico ou entidades públicas ou privadas colaboradoras de conformidade coa normativa vixente sobre a materia.

ART. 5. TITOR/A ACADÉMICO

1. A titora ou titor académico orientará e supervisará a elaboración do TFG ao longo de toda a súa duración para lograr os obxectivos e o desenvolvemento das competencias.
2. Todo o profesorado da FCETOU poderá actuar como titor académico. Co visto e prace da Comisión de docencia tamén poderá actuar como titor ou titora calquera docente da Universidade de Vigo.
3. A Comisión de docencia poderá autorizar a elaboración do TFG en réxime de cotitoría.
4. No caso de baixa prolongada ou remate da vinculación coa Universidade de Vigo do

titor ou titora, o alumno terá liberdade para elixir novo titor/a ou manter a temática con outro titor/a se así o estima oportuno. No caso de TFG en réxime de cotitoría tomará a responsabilidade a persoa titora non cesante.

CAPÍTULO II: DAS PROPOSTAS TEMÁTICAS

ART. 6. TIPOLOXÍAS DO TFG E PROPOSTAS TEMÁTICAS

1. O TFG poderá ser dalgunha das seguintes tipoloxías:

Proxecto tipo A. O estudiantado poderá desenvolver un proxecto entre os ofrecidos polo PDI (Anexo II).

Proxecto tipo B. O alumnado poderá desenvolver un proxecto sobre un tema específico do seu interese e deberá contactar directamente coa persoa docente que puidese estar interesada para que actúe como titor ou titora (Anexo I).

Proxecto tipo C. Proxectos desenvolvidos no marco dun convenio:

C1. Con empresas, organizacións ou outras universidades. A persoa designada no convenio como responsable no organismo poderá ser a titora ou titor non académico e deberá ser titulado universitario. Se non fose docente da FCETOU deberá nomearse un cotitor ou cotitora académico entre o PDI.

C2. Internacional ou nacional, enmarcado nos programas de intercambio aos que está subscrita a Universidade de Vigo. Regularase de acordo ao artigo 9 da normativa do TFG da Universidade de Vigo.

As propostas concretas do TFG de tipo C terán un prazo propio para a súa asignación.

2. Para garantir unha oferta suficiente que faga posible que todo o estudiantado dos graos poida cursar esta materia, o persoal docente con vinculación permanente ou a tempo completo adscrito á FCETOU deberá ofertar un número mínimo de traballos, calculado como o cociente (redondeado ao enteiro superior), entre o número de estudantes matriculados no TFG en setembro (máis un 10% adicional que cubra a previsión de matrículas posteriores) e o profesorado con docencia maioritaria na facultade. Se lle solicitará ao profesorado non permanente adscrito ao centro, así como ao profesorado permanente con docencia non maioritaria no centro a proposta de dous temas.
3. A Comisión de docencia aprobará e publicará a listaxe de propostas temáticas de cada grao, para o que indicará polo menos a persoa responsable da titoría académica e o carácter individual ou de grupo, segundo sexan susceptibles de seren seleccionadas por un/unha ou máis estudantes.
4. O listado fixará un prazo para que o alumnado formalice a solicitude de asignación de propostas temáticas co respectivo titor ou titora académico.

ART. 7. ASIGNACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS E TITORÍA ACADÉMICA

1. Para adxudicar as propostas temáticas atenderase preferentemente ao acordo entre o/a estudante e o titor ou titora académico.
2. Despois de realizar unha primeira asignación, ao estudiantado que se matriculara máis tarde on non tivese un titor ou titora adxudicado, se lle facilitará vía faitic o listado actualizado de temas e titores baleiros, co fin de acordar novas asignacións.
3. Publicarase unha listaxe coa asignación definitiva de propostas temáticas e as titorías académicas conforme os anteriores criterios. Poderase reclamar fronte a estas adxudicacións no prazo de sete días naturais ante a Comisión de docencia.

4. A asignación dun titor ou titora académica e a proposta do TFG será válida para o curso académico en que se atopa matriculado cada estudante e, se fose o caso, para a convocatoria de fin de carreira do curso seguinte. Por acordo entre docente e estudante a adxudicación pódese manter ata dous cursos académicos. Unha vez que transcorran, terá que volver realizarse un novo proceso de asignación.
5. Calquera cambio referente ao tema, titor/a académico do TFG por parte do/a estudante ou de temas ofertados ou alumno/a asignado/a por parte do titor, deberá solicitárselle por escrito e con motivación á/ao Vicedecana/o encargada/o da coordinación dos TFGs.

CAPÍTULO III: DA PRESENTACIÓN PÚBLICA E AVALIACIÓN

ART. 8. SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN PÚBLICA DO TFG

1. A presentación pública e a avaliación do TFG require que o estudantado teña superado a totalidade das restantes materias correspondentes ao plan de estudos do Grao.
2. O alumno ou alumna solicitará a presentación e a avaliación do TFG co visto e prace do seu respectivo titor ou titora académico. Excepcionalmente, a Comisión de docencia poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa titora tras a petición formal e motivada polo/a estudante.
3. O xustificante da solicitude en secretaría virtual deberá ir acompañada da entrega dun exemplar impreso do TFG, ademais de subir o pdf á plataforma virtual (faitic) da Universidade de Vigo. Poderá achegarse a documentación ou o material adicional que se estime oportuno para que o considere o tribunal avaliador.
4. O titor ou titora académica subirá a secretaría virtual un informe sobre o TFG titorizado, indicando se é favorable ou desfavorable, puidendo engadir unha valoración comprendida entre 0 e 10. Recoméndase que o informe inclúa o detalle da valoración descritiva da labor realizada polo estudante, respecto á calidade do traballo (obxectivos e desenvolvemento do traballo) e a presentación escrita.
5. En atención ás solicitudes presentadas, e de acordo co tribunal avaliador, establecerase e publicarse a orde para celebrar o acto de presentación pública do TFG. Cando se determinen as datas procurarase que o estudantado poida cumprir o requisito sinalado no artigo 8.1.

ART. 9. TRIBUNAL AVALIADOR DE TFG

1. Os tribunais de avaliación poderán ser colexiados ou unipersoais. O/a alumno/a, no momento da solicitude de defensa do traballo, deberá indicar por que tipo de tribunal desexa ser avaliado/a (sendo ambas opcións excluíntes entre si para cada estudante).
2. Os tribunais colexiados estarán integrados por tres docentes elixidos por sorteo, con carácter rotativo, entre o persoal docente con vinculación permanente ou a tempo completo adscrito á FCETOU, e que exercerá a presidencia, a secretaría e as funcións de vogal. Na composición dos tribunais terase en conta a representatividade das diversas áreas de coñecemento, non sendo posible que a persoa titora dun traballo forme parte do tribunal encargado de avalialo. No caso de que un membro dun tribunal colexiado, por motivos xustificados de docencia ou investigación, non puidese realizar a súa función, deberá propor o nomeamento doutro docente do centro que o substitúa.
3. Os tribunais unipersoais estarán constituídos polas persoas titoras dos traballos, agás a

imposibilidade da persoa titora para acudir á presentación oral (que deberá ser motivada por docencia ou investigación), neste caso a persoa titora, no momento da emisión do seu informe, deberá propor o nomeamento doutro docente do centro que asumirá a avaliación unipersoal.

ART. 10: ACTO DE PRESENTACIÓN PÚBLICA DO TFG

1. A alumna ou alumno realizará o acto de presentación en sesión pública na data e na hora asignada. De maneira excepcional, a Comisión de docencia poderá aprobar, logo da solicitude formal e motivada do/a estudante e sempre que se dean as condicións técnicas, que a presentación se produza a distancia, de forma virtual.
2. A exposición oral terá unha duración máxima de 10 minutos, na que o estudante presentará un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, o tribunal avaliador formulará as observacións e as consideracións oportunas ás que deberá responder o estudante, esta segunda parte non debería superar outros 10 minutos.

ART. 11: AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO TFG

1. O tribunal avaliará o estudantado empregando unha plantilla tipo baseada nas competencias incluídas na guía docente do TFG, a cualificación terá en conta a calidade do contido do TFG e a exposición oral (anexo III).
2. Sempre e cando a Universidade de Vigo ou a FCETOU dispoñan de licencias para acceso a sistemas antiplaxio, o/a coordinador/a do TFG deberá subir todos os traballos presentados en cada convocatoria ao software específico, trasladando ao tribunal avaliador os informes de similitude/coincidencia medio ou alto para a súa valoración.
3. a) En caso de tribunal colexiado ou unipersoal (titor/a), os membros do tribunal empregarán un modelo tipo para a valoración dos TFG de forma que a cualificación outorgada será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$V(\text{TFG}) = A1 \cdot 0,7 + A2 \cdot 0,3$$

Os diferentes conceptos recóllense na seguinte táboa:

Concepto	Valoración	Ponderación
Calidade do traballo e presentación escrita	A1. Valoración Tribunal (entre 0 e 10)	70%
Presentación Oral	A2. Valoración Tribunal (entre 0 e 10)	30%

- b) En caso de tribunal unipersoal diferente ao titor/a, empregárase un modelo tipo para a valoración dos TFG de forma que a cualificación outorgada será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$V(\text{TFG}) = A1 \cdot 0,3 + A2 \cdot 0,4 + A3 \cdot 0,3$$

Os diferentes conceptos recóllense na seguinte táboa:

Concepto	Valoración	Ponderación
Calidade do traballo e presentación escrita	A1. Valoración Titor/a (entre 0 e 10)	30%
	A2. Valoración Tribunal (entre 0 e 10)	40%
Presentación Oral	A3. Valoración Tribunal (entre 0 e 10)	30%

4. A cualificación outorgada por un tribunal colexiado ou unipersoal pode variar entre cero e dez puntos. Os tribunais poderán propoñer a mención de matrícula de honra e, considerando o número de estudantado matriculado no TFG en cada titulación, de existir un exceso de propostas de matrícula asignarásen éstas según a propia cualificación numérica do TFG, de continuar a igualdade, o criterio será a nota media do expediente do estudante.
5. En calquera caso un tribunal poderá suspender a un alumno/a se detecta deficiencias graves no traballo (notables carencias na redacción, na estrutura, nos contidos, fallas ortográficas reiteradas ou plaxio) debendo xustificalo mediante un informe que se achegará ao/á estudante coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación.
6. O alumno ou a alumna que obteña a cualificación de suspenso deberá presentar na seguinte convocatoria á que se volva presentar un informe no que explique como tivo en conta no TFG as recomendacións citadas no punto anterior.
7. A revisión da cualificación obtida efectuarase conforme o previsto no procedemento para a revisión das cualificacións da Universidade de Vigo e a normativa recollida nos artigos 30 e 31 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.

ART. 12. NORMAS SUPLETORIAS

En todos os aspectos non previstos neste Regulamento aplicarase a normativa da Universidade de Vigo e as demais normativas xerais vixentes.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor o primeiro día do curso 2019/20.

Anexo I. MODELO DE SOLICITUDE PARA A PROPOSTA TEMÁTICA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Alumno/a:

DNI: Grao:

Enderezo Postal: Nº/Andar:

Localidade: C.P.: Teléfono:/.....

Enderezo electrónico:

EXPÓÑO:

1. Que estou matriculado/a na materia Traballo de Fin de Grao e mais en todas as que me faltan para obter o Grao no presente curso académico.
2. Que o artigo 6.1 do Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo prevé que o alumnado matriculado na devandita materia poda presentar propostas temáticas para realizalo. Polo que,

SOLICITO:

Que se inclúa a seguinte proposta na listaxe de propostas temáticas do presente curso académico:

Título provisorio	
Titor/a (e cotitor/a, se procede)	
Obxectivos e interese da proposta	

Ourense, de de 20.....

Asdo.: o/a alumno/a

Visto e prace do titor/a (e cotitor/a, se procede)

Á COMISIÓN DE DOCENCIA



Anexo II. SOLICITUDE PARA ELABORAR O TRABALLO DE FIN DE GRAO

D./D^a D.N.I.:.....
ENDEREZO POSTAL: Nº ANDAR.....
LOCALIDADE: C.P.: TELÉFONO:/
ENDEREZO ELECTRÓNICO:

EXPOÑO:

Que cumpre as condicións xerais esixidas para elaborar o Traballo de Fin de Grao de
.....

Polo que,

SOLICITO:

Elaborar o Traballo Fin de Grao baseándome na proposta temática

.....
da cal é titor/a académico D/D^a
.....

Ourense, de..... de 20.....

Asdo.: O/A estudante

Se o titor/a académico da proposta temática acepta a titoría do/a estudante, deberá asinar a presente solicitude, de conformidade co artigo 6.1 do Regulamento do Traballo Fin de Grao.

Asdo.:.....titor/a académico

Á COMISIÓN DE DOCENCIA

Anexo III. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA O TRABALLO FIN DE GRAO NA FCETOU

A.- CALIDADE DO TRABALLO (C)	
1.- OBXECTIVOS DO TRABALLO (10%)	
Define claramente os obxectivos do traballo que ten relación con un ou varios dos ámbitos de coñecemento presentes no Grao	
Presenta os antecedentes, contribución e xustificación do estudo	
2.- DESENVOLVEMENTO (50%)	
Presenta correctamente o método do traballo	
Selecciona adecuadamente as fontes documentais e bibliografía sen ausencia relevantes	
Recolle, analiza e interpreta adecuadamente os datos obxecto do traballo	
Os contidos son completos e adecuados para alcanzar o obxectivo do traballo e se demostra comprensión do tema	
A información flúe lóxica é coherentemente e está ben organizada, cos apartados e subapartados necesarios	
Elabora conclusións de maneira sintética e aportando un análise persoal	
VALORACIÓN CALIDADE DO TRABALLO (60%)	
B.- PRESENTACIÓN ESCRITA (PE)	
A redacción da memoria é correcta. Non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación	
O vocabulario empregado é adecuado a cada circunstancia. Fai uso do léxico técnico cando é necesario	
A edición da memoria escrita é coidada e ordenada (portada, tipo e tamaño de letra, interliñado, encadernación, apartados, e extensión máxima)	
Todas as fontes de información bibliográfica están referenciadas e no formato correcto	
As figuras e táboas son as necesarias para engadir entendemento ao tema e están correctamente presentadas	
VALORACIÓN PRESENTACIÓN ESCRITA (10%)	
C.- PRESENTACIÓN ORAL (PO)	
Selecciona correctamente os contidos para a exposición e todos os elementos chave do traballo están cubertos	
A estrutura da exposición resulta clara e intelixible Os medios empregados para a exposición adecúanse aos contidos e á estrutura da exposición	
A transmisión da presentación é axeitada (usa vocabulario apropiado, explica cada unha das diapositivas e non se limita a ler o texto, emprega o ton e o volume de voz axeitado ao longo de toda a presentación, mostra empatía e mira a audiencia, as expresións faciais e a linguaxe corporal son os correctos durante toda a presentación)	
A duración da presentación axústase ao tempo marcado (10 minutos)	
Contesta con precisión ás preguntas formuladas polos membros do tribunal, demostrando coñecementos do tema e capacidade crítica e de argumentación	
VALORACIÓN PRESENTACIÓN ORAL (30%)	
CUALIFICACIÓN FINAL: $0,6 \cdot C + 0,1 \cdot PE + 0,30 \cdot PO$	



Anexo IV. NORMAS DE ESTILO DO TRABALLO FIN DE GRAO

Portada

A portada debe ser de pasta dura ou semi-ríxida e nela deberán aparecer os datos identificativos do TFG que se presenta seguindo o modelo previsto:

- Logo da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense
- Grao en que se presenta
- Título do TFG
- Autoría do TFG (nome e apelidos)
- Ano de presentación

Na primeira folla do TFG repetirase a portada e engadiráselle debaixo do nome do autor/a o nome do titor/a ou titores/as, segundo o caso.

Estrutura

O TFG deberá incluír os seguintes apartados:

- **Resumo** (síntese do contido do traballo, máximo 250 palabras)
- **Índice** (farase referencia ao número de páxina de cada epígrafe)
- **Introdución** (farase referencia ao contido do traballo, á cuestión que se quere resolver, aos antecedentes principais, aos obxectivos, á contribución e xustificación do estudo, á metodoloxía empregada na súa elaboración e, brevemente, ás conclusións obtidas)
- **Desenvolvemento do traballo**: subdividido en apartados
- **Conclusións**
- **Bibliografía** (citas bibliográficas dentro do texto)

Formato

- Marxes:
 - Esquerda: 3 cm.
 - Dereita: 2,5 cm.
 - Superior: 2,5 cm.
 - Inferior: 2,5 cm.
 - Espazo interlineal: 1,15
- Tipo de letra: Arial 11 (ou *Liberation Sans* para traballos realizados en código aberto)
- Tipografía de encabezamentos e de apartados:
 - Título do capítulo: minúscula 24 p
 - Título dos apartados 1^{er} nivel: minúscula 18 p
 - Título dos apartados 2^o nivel: minúscula 14 p
 - Título dos apartados 3^o nivel: minúscula 12 p + cursiva
- Numeración dos apartados: números díxitos (1., 1.1., 1.1.1., etc.)

- As figuras e as táboas numeraranse de modo correlativo.

Bibliografía

As referencias bibliográficas presentarase ao final de cada TFG. Inclúiranse libros, capítulos, revistas, artigos, actas de congresos, páxinas web, etc. A bibliografía citarase seguindo as normas da APA (American Psychological Association).

Extensión

O TFG debe imprimirse a dobre cara e a súa extensión deberá estar comprendida entre 10.000 e 20.000 palabras, sen incluír os anexos.